

ANUNCIO

D. Xosé Represas Giráldez, alcalde de Ponteareas na Resolución de data 21 de novembro de 2019, co número 2019-4123, acordou a aprobación da convocatoria pública do concello de ponteareas para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas destinadas a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas de taxi ós seus titulares en ponteareas no ano 2019. como figuran redactadas a continuación e abrir a convocatoria así como Publicar as mesmas no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de admisión de solicitudes será de 7 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CONVOCATORIA PÚBLICA DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A FOMENTAR O CESAMENTO DA ACTIVIDADE E RESCATE DE LICENZAS DE TAXI ÓS SEUS TITULARES EN PONTEAREAS NO ANO 2019.

Antecedentes

O Pleno da Corporación Municipal adoptou o 17 de febreiro de 2015 o seguinte acordo: “Ante a situación actual do servizo de transporte de taxis no municipio de Ponteareas, onde existen máis licencias de taxi que as establecidas legalmente, ademais das discrepancias entre os taxistas polo uso libre ou non das paradas, o Concello asume o compromiso, coa participación directa das asociacións de taxis de Ponteareas, de amortizar en cinco anualidades, coa colaboración económica do Concello, as licencias de taxi ata cumprir coa legalidade, co obxecto de que as paradas de taxi do municipio de Ponteareas sexan todas libres”

Coa finalidade de dar cumprimento ao anterior acordo plenario, e tendo en conta que Ponteareas ten na actualidade con 35 licencias de taxi para unha poboación de case 23.000 habitantes, encargouse un informe técnico sobre a valoración actual das licencias de taxi no municipio, informe realizado por Fernando Álvarez Blanco da asesoría Auren que se incorpora ao expediente, e que coas limitacións e salvedades que no mesmo se indican, conclúe que o importe da valoración de cada licencia é de 25.906,65 Euros.

En base ao estudo citado, despois de escoitar as opinións dos representantes dos taxistas e tendo en conta que no acordo plenario recollese que a amortización contaría coa colaboración económica do Concello, fíxase en 19.000,00 euros o importe máximo de subvención que percibiría cada beneficiario que entregase a licencia de taxi para a súa amortización.



Primeiro. Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas ás persoas titulares de licenza de taxi en Ponteareas mediante renuncia do seu titular ou herdeiros.

Segundo. Normas aplicables.

As subvencións reguladas nesta convocatoria rexeranse, no non previsto, polo disposto, con carácter xeral, para as axudas e subvencións públicas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como polo establecido nas bases de execución dos orzamentos de Ponteareas.

Terceiro. Requisitos xerais dos beneficiarios.

1.- Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas en quen conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incursas nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación de conflitos de intereses dos membros do Goberno e outros altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao corrente do pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o previsto na Lei Xeral de Subvencións ou na Lei Xeral Tributaria.

2. Sen prexuízo da posibilidade de acreditarlo mediante testemuño xudicial ou documento administrativo, a xustificación de non estar incurso nas prohibicións



establecidas no número anterior farase mediante declaración responsable outorgada #ante autoridade administrativa ou funcionario, excepto no caso da prohibición contida no apartado e) que esixirá certificación administrativa.

3. Así mesmo, non poderán obter a condición de beneficiarios os solicitantes que non se achen ao corrente nas obrigacións tributarias e non tributarias co Concello de Ponteareas, así como coa Xunta de Galicia en materia de sancións de transportes.

O cumprimento dos requisitos previstos no parágrafo anterior esixirase de oficio polo Concello ás Administracións respectivas.

Cuarto. Requisitos relacionados coa titularidade da licenza municipal de taxi.

O outorgamento destas axudas estará condicionado ao cumprimento polos beneficiarios dos seguintes requisitos:

a) Ser titular dunha licenza municipal de taxi expedida polo Concello de Ponteareas (ou herdeiros do titular), e pasar á situación de suspensión da actividade do servizo de taxi a partir do momento en que se acorde o outorgamento da subvención polo cesamento da actividade e rescate e no prazo que se determine para o efecto.

b) Comprometerse a renunciar na actividade de taxi en nome propio, sen que poida, no futuro, adquirir a titularidade dunha nova licenza de taxi no municipio de Ponteareas, salvo que devolva o importe da subvención recibida e os intereses de demora desde a data de abono da mesma.

Quinto. Importe da convocatoria.

1.- O importe do crédito orzamentario que ha de financiar a axuda a titulares de licenza de taxi para cesamento de actividade ascende a cincuenta mil euros (50.000,00 €), para o ano 2019.

2.- A contía para cada beneficiario será como máximo de DEZANOVE MIL EUROS (19.000 euros), que será abonada nun único pago con cargo ao exercicio orzamentario de 2019

3.- Tales axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13200-4790101 do Orzamento deste Concello.

Sexto. Solicitudes e prazo de presentación.

1.- As persoas que desexen obter as subvencións deberán solicitalo por escrito, de conformidade co modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, dirixido ao Sr. Alcalde, acompañado dos documentos enumerados no Anexo II, así como da declaración responsable do Anexo III, da autorización do Anexo IV, da autorización do Anexo VII, no seu caso, e do consentimento do Anexo VIII, que acrediten o cumprimento dos requisitos necesarios para o outorgamento da axuda solicitada.

Dita solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano competente obteña os certificados telemáticos do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no art. 22.4 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados que para o efecto lle esixa a convocatoria.



O prazo de presentación das solicitudes abrirase a partir do día seguinte á publicación da aprobación da convocatoria pública de subvencións no Boletín Oficial da Provincia do extracto que publique a Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello (<https://ponteareas.gal/>), e concluirá aos **7 días naturais**.

As solicitudes poderán presentarse, directamente, no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Ademais dos documentos, expresamente, determinados nos Anexos desta convocatoria, os peticionarios das subvencións poderán acompañar a súa solicitude con cuantos outros consideren que poidan servir para xustificala.

3.- Recibida a solicitude, coa correspondente documentación, poderase requirir ao interesado para que, no prazo de dez días hábiles, emende as deficiencias observadas ou achega a documentación e información que se considere necesaria para a adecuada resolución do procedemento, con indicación de que, se así non o fixese, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente, previa resolución nos termos do artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sétimo. Procedemento.

1.- O procedemento tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e a ordenación e instrución realizaranse no departamento de Secretaria.

2.- A avaliación das solicitudes levará a cabo por unha comisión de valoración, presidida polo alcalde ou concelleira/ou en quen delegue, e formarán parte da mesma tres vocais designados pola alcaldía entre persoal de secretaria e intervención, actuando de secretario un dos vocais asignados. A comisión de valoración poderá solicitar tanta información estime necesaria e formulará proposta de resolución.

3.- Finalizada a avaliación das solicitudes, o Alcalde resolverá, provisionalmente, a concesión de subvencións. A resolución provisional será motivada e notificarase ás persoas interesadas mediante publicación no taboleiro de anuncios. Esta publicación substituirá á notificación persoal e fornecerá os mesmos efectos.

Publicada a Resolución Provisional, concederase un prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do anuncio, para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións, desistir ou aceptar a proposta de subvención.

As persoas con proposta provisional de subvención que acepten a contía asignada deberán presentar, no prazo sinalado no parágrafo anterior, o documento de aceptación da subvención (Anexo VI).

De conformidade co previsto no Art. 24.6 da Lei Xeral de Subvencións, a proposta de Resolución Provisional non crea dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas fronte á Administración, mentres non se notificou a Resolución de concesión, quedando condicionada, por tanto, ata este momento, a validez da aceptación realizada anteriormente.

Oitavo. Criterios de valoración.



1.- Para a concesión destas axudas, sempre que o solicitante cumpra os requisitos esixidos e non estea incurso nas causas de exclusión expresamente previstas nesta convocatoria, respectivamente, teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Por falecemento do titular da licenza municipal de taxi sempre que dito titular falecido teña herdeiros, 10 puntos.

b) Por xubilación, só naqueles supostos nos que o traballador cesamento totalmente na súa actividade laboral, 8 puntos.

c) Polo tempo como titular da licenza de taxi, 0,008 puntos por mes, ata un máximo de 4 puntos.

d) Polo tempo en suspensión da licenza, 0,04 puntos por mes, ata un máximo de 2 puntos.

e) Por cada 100 euros de rebaixa sobre ou importe máximo por licenza a amortizar, 1 punto, ata un máximo de 100 puntos

2.- A orde de preferencia establecerase de acordo coa puntuación que se adquira ao sumar os puntos obtidos, aquel que obteña maior valoración. En caso de empate na suma total priorizarase a maior idade dos taxistas solicitantes.

O importe restante que quede sen asignar, por ser inferior ao importe que correspondería, resultante de aplicar os criterios anteriores, ofrecerase a opción de aceptar a contía restante de forma voluntaria aos seguintes da lista, nese caso, a opción pola aceptación terá os mesmos efectos que os restantes.

Noveno. Outorgamento.

1.- As axudas outorgaranse mediante resolución de alcaldía, examinadas as alegacións realizadas polas persoas interesadas. A resolución motivarase, facendo referencia aos criterios de valoración, contera a relación de beneficiarios que obtivesen a subvención e indicará, de maneira expresa, que o resto das solicitudes foron desestimadas. A Resolución definitiva do procedemento publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello (<https://ponteareas.gal/>).

En todo caso, esta publicación substitúe á notificación persoal e fornecerá as súas mesmos efectos.

2.- Sen prexuízo do anterior, que implicará a terminación do procedemento, requirirase individualmente ás persoas que resultasen beneficiarias para que acheguen a documentación necesaria para o pago da subvención (Anexo V).

3.- O prazo para resolver e publicar a resolución será dun mes desde a data de publicación da convocatoria, transcorrido este prazo sen que a resolución fose publicada, os interesados poderán entender desestimada a solicitude.

4.- A resolución do Alcalde poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ou, directamente, ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos arts. 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



5.- Para o suposto de desistencia, renuncia ou exclusión da convocatoria de persoas beneficiarias incluídas na proposta provisional, o Sr. Alcalde poderá, sen necesidade dunha nova convocatoria, acordar a concesión da subvención a unha ou máis persoas solicitantes seguintes no mesmo orde de baremación das solicitudes que quedasen excluídas, a condición de que cumpran con todos os requisitos.

As novas persoas deberán presentar nos dez días hábiles seguintes á comunicación, que se practicarán de forma persoal, documento de aceptación da subvención (Anexo VI).

Unha vez cumprimentado o anterior, o órgano concedente ditará o acto de concesión e procederá á súa notificación nos termos establecidos na presente convocatoria.

Décimo. Requisitos para o pago.

Para proceder á cobranza da axuda outorgada os beneficiarios deberán acreditar o cesamento da actividade e cumprir os seguintes requisitos:

a) Aceptar a subvención (Anexo VI).

b) Renunciar á titularidade da licenza municipal de taxi. A renuncia debe ser clara, expresa e incondicionada. No caso de que os títulos se encontraran a nome dunha comunidade de persoas herdeiras, deberá ir suscrita por todas elas ou por representante con poder bastante para actuar en nome da mesma. A estes efectos indícase que a renuncia á licenza de taxi implicará necesariamente e de xeito automático a renuncia a autorización interurbana.

c) Cesar no exercicio da actividade de taxista no municipio de Ponteareas.

d) Dar de baixa o vehículo adscrito á licenza municipal na Dirección Xeral de Tráfico, sen prexuízo de manter o seu uso como particular ou de servizo público para outro taxista non beneficiario de subvención.

e) Extinguir as relacións laborais co persoal que puidese ter contratado para a explotación do taxi.

O concello co fin de cumprir o disposto na presente base anotará a extinción da licenza no Rexistro de Títulos Habilitantes e a comunicará á Administración Autónoma competente sobre a autorización interurbana a fin de que esta realice a anotación que a ela lle corresponde.

Undécimo. Comprobacións e obrigacións dos beneficiarios.

Antes de abonar as subvencións comprobarase que no Rexistro de Licenzas de Taxis anotouse a baixa da autorización para o exercicio da actividade.

Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados a facilitar, en todo momento, canta información lles sexa requirida polos organismos competentes a efectos do control das subvencións outorgadas.

Ademais, deberán comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos que financien o cesamento da actividade subvencionada.



Décimosegundo. Incumprimento.

Procederá o reintegro do total das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora desde o momento do pago da subvención, nos casos en que o beneficiario a obteña sen reunir as condicións requiridas para o outorgamento ou o pago, ou incumpra a finalidade para a que lle foi concedida ou as condicións impostas con motivo da concesión. As cantidades para reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público. Todo iso de conformidade co previsto nos artigos 37 e 38 da Lei 38/2003.

Décimoterceiro. Réxime Sancionador.

A comisión de infraccións en materia de sancións rexerese polo disposto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

As persoas beneficiarias das subvencións outorgadas ao amparo da presente convocatoria estarán suxeitas ás responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas en materia de subvencións establece o Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Título IV Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Décimocuarto. Cita en xénero feminino dos apartados desta convocatoria.

As referencias a persoas, colectivos ou cargos académicos figuran na presente convocatoria en xénero masculino como xénero gramatical non marcado. Cando cumpra, será válida a cita en xénero feminino ás devanditas referencias.

Décimoquinto. Publicidade das subvencións concedidas

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Ponteareas publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia.

Décimosexto. Protección de datos.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais obtidos mediante o cumprimento dos formularios desta convocatoria pública de subvencións, incorporaranse aos ficheiros



do Concello de Ponteareas, creados e declarados ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Devanditos datos utilizaranse para o cumprimento dos fins aos que responde a súa solicitude, e por esixencias da normativa en materia de subvencións públicas, con carácter xeral e as do Concello de Ponteareas que aparecen descritas nas presentes Bases.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas, unicamente, no tratamento autorizado dos seus datos, cando cumpra pódense exercitar, dirixindo un escrito ao Concello de Ponteareas, a Xardíns da Xiralda, 36860 - Ponteareas (Pontevedra), ou a través do correo electrónico info@ponteareas.es".

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electronicamente)



ANEXO I. SOLICITUDE

D./D^a, con D.N.I.
con domicilio en, C/,
número, C. P., teléfono, correo electrónico.....

Vista a convocatoria de axudas a titulares de licenza de taxi no Concello de Ponteareas para o cesamento da actividade, considerando que reúne os requisitos esixidos, conforme aos documentos que se achegan, e con expresa aceptación de todos os termos da citada convocatoria. EXPÓN:

1º. Que é titular da licenza municipal de taxi expedida polo Concello de Ponteareas número _____, desde o día _____

Figura na lista de transmisións.

Comprométese a pasar á situación de suspensión da actividade do servizo de taxi a partir do momento en que se acorde o outorgamento da subvención polo cesamento da actividade e rescate e no prazo que se determine para o efecto.

2º. Que se compromete a renunciar a actividade de taxi en nome propio, tanto como traballador autónomo ou empresario con persoal asalariado ao seu cargo, e a renunciar á referida licenza da que é titular unha vez que se lle outorgue a axuda, sen que poida no futuro adquirir a titularidade dunha nova licenza de taxi no municipio de Ponteareas, salvo no suposto de devolución da subvención recibida máis os intereses de demora.

3º. Que consente a que o órgano competente obteña os certificados telemáticos do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

SOLICITA: O outorgamento da correspondente subvención por cesamento de actividade de titular de licenza de taxi.

Ponteareas, a 2019

(sinatura do solicitante)

Sr. Alcalde do Concello de Ponteareas



ANEXO II. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA Á SOLICITUDE

A persoa solicitante achega a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade en vigor, salvo que conste en poder da Administración.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, acreditativa de estar ao corrente no pago das cotas como traballador autónomo, ou como empresario con traballadores asalariados ao seu cargo.
- Vida laboral que acredite o tempo que estivo de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social.
- No seu caso, documento acreditativo da declaración de incapacidade permanente absoluta ou total para o desempeño da profesión habitual de taxista, ou a acreditación da xubilación por idade.
- Declaración responsable (ANEXO III), de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións recollidas no número 3 do apartado 4 da convocatoria e de cumprimento dos requisitos.
- Autorización para que o Concello de Ponteareas solicite certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria da Xunta de Galicia (ANEXO VII).
- Autorización notificacións por fax e/ou por correo electrónico (ANEXO IV).
- Consentimento de cesión de datos de carácter persoal (ANEXO VIII). O interesado non está obrigado a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos.

No caso de que algún documento fose achegado anteriormente deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentouno (Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

En Ponteareas, a..... de 2019
(sinatura do interesado)

ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA SER BENEFICIARIOS DA AXUDA POR CESAMENTO DA ACTIVIDADE E RESCATE DE LICENZA TAXI



D./D^a, con D.N.I.
con domicilio en, número,
C. P., Teléfono, correo electrónico, titular
da Licenza de taxi n.º

DECLARA e CERTIFICA baixo a súa persoal responsabilidade que cumpre cos requisitos establecidos na Convocatoria de axudas destinadas a fomentar o cesamento da actividade e rescate de licenzas de taxi efectuada polo Instituto do Taxi do Concello de Ponteareas no ano 2019, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá ao dispor da Administración, se esta requírela, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo que se esixa legalmente. En concreto, declara que:

1.- Non foi condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.- Non solicitou a declaración de concurso, nin foi declarado insolvente en calquera procedemento, nin se acha declarado en concurso, nin está suxeito a intervención xudicial, nin foi inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3.- Non deu lugar, por causa da que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

4.- Non está incurso nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación de conflitos de intereses dos membros do Goberno e outros altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

5.- Non ten pendente o pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

6.- Non foi sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o previsto na Lei Xeral de Subvencións ou na Lei Xeral Tributaria.

7.- Non obtiven outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o cesamento da actividade subvencionada.

En Ponteareas, a..... de 2019
(sinatura do interesado)

ANEXO IV AUTORIZACIÓN DE NOTIFICACIÓN POR FAX E/ Ou CORREO ELECTRÓNICO.



D/D^a....., con D.N.I.,
e domicilio a efectos de notificacións en
C. P., en nome propio declaro que no presente procedemento de Convocatoria de Axudas para a amortización de licencias de taxi do Concello de Ponteareas, as notificacións de calquera acto que se diten no mesmo, poderá efectuarse por algún dos seguintes medios:

Por fax ao nº:.....

Por correo electrónico á dirección:.....

Teléfono de contacto para actuacións inmediatas:.....

Entendéndose que se o fax ou o envío de correo electrónico resulta positivo, entenderase o acto notificado e fornecerá todos os efectos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ponteareas, a 2019

(Sinatura do interesado)

ANEXO V DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CESAMENTO DE ACTIVIDADE E OUTROS



- Certificación da baixa do vehículo adscrito á licenza municipal como servizo público, expedida pola Dirección Xeral de Tráfico.
- Documentación da extinción das relacións laborais co persoal que puidese ter contratado para a explotación do taxi.
- Aceptación da subvención (Anexo VI).
- Certificado que acredite a titularidade da conta bancaria ou orixinal e fotocopia da cartilla do banco.

En Ponteareas, a..... de 2019
(sinatura do interesado)

ANEXO VI MODELO DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN



D./D^a, con D.N.I.
con domicilio en,
número...,
C. P....., teléfono, correo electrónico titular da
licenza de taxi nº

EXPÓN: Que, unha vez tramitada a convocatoria para o outorgamento de subvencións para o cesamento da actividade no sector do taxi, aprobada por acordo da Alcaldía de Ponteareas, con data,

MANIFESTA:

Que ACEPTO a subvención concedida polo cesamento da actividade, por importe de euros, que será abonada nun só pago, nos termos establecidos na convocatoria.

Que renuncio á titularidade da referida licenza de taxi e comprométome a cesar na actividade de taxista no Municipio de Ponteareas, sen que poida no futuro adquirir a titularidade dunha nova licenza de taxi no municipio de Ponteareas, salvo no suposto de devolución da subvención recibida máis os intereses de demora.

Que me comprometo a dar de baixa o vehículo adscrito á licenza municipal de taxi na Dirección Xeral de Tráfico, sen prexuízo de manter o seu uso como particular ou de servizo público para outro taxista non beneficiario de subvención.

Que me comprometo a extinguir as relacións laborais co persoal que puidese ter contratado para a explotación do taxi.

En Ponteareas, a..... de 2019

(Sinatura do interesado)

ANEXO VII MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR CERTIFICADOS Á AXENCIA TRIBUTARIA, TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, AXENCIA TRIBUTARIA DA XUNTA DE GALICIA, RELATIVOS Ao CUMPRIMENTO DAS súas



OBRIGACIÓN TRIBUTARIAS E ESTAR A0 CORRENTE NO PAGO DAS SANCIÓN PECUNIARIAS.

D./D^a, con D.N.I.
con domicilio en, número,
C. P....., teléfono, correo electrónico
titular da licenza de taxi nº

AUTORIZA ao Concello de Ponteareas a solicitar ás Administracións, anteriormente relacionadas, os datos relativos ao cumprimento das súas obrigacións tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención, correspondente á convocatoria efectuada en 2019.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención mencionada anteriormente, e na aplicación do disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, pola que se permite, previa autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

En Ponteareas, a..... de 2019

(Sinatura do interesado)

Nota: A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Ponteareas.

ANEXO VIII FORMULARIO PARA SOLICITAR O CONSENTIMENTO PARA A RECOLLIDA DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



D./D^a, con D.N.I.
con domicilio en, número,
C. P....., teléfono, correo electrónico
titular da licenza de taxi nº

AUTORIZA ao Concello de Ponteareas a que os datos persoais achegados na solicitude de rescate (convocatoria 2019, Expte.:) e na documentación que acompaña á mesma, sexan tratados por aquel coa finalidade de poder tramitar a solicitude e que forneza os efectos correspondentes no procedemento relativo á Convocatoria de Rescate 2019 citada.

Así mesmo, MANIFESTA que coñece e informouse da finalidade do tratamento dos devanditos datos, que se solicitan por esixencias da normativa de subvencións públicas e a referida á prestación do servizo de auto-taxi no Concello de Ponteareas. Tamén se lle informou e explicado a forma de exercicio dos seus dereitos recolleitos na estipulación décimo quinta das Bases da presente Convocatoria de Rescate 2019.

En Ponteareas, a..... de 2019

(Sinatura do interesado)

